



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgfm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

CIRCULAR Nº 5

TEMPADA 2015/2016

PROCEDIMENTO DE INSCRIPCIÓN DE EQUIPOS NA LIGA DE SEGUNDA DIVISIÓN FEMININA

PROCEDIMENTO

Todos os procesos se realizarán vía formulario (Folla Excel). Non se enviará ningunha comunicación por correo ordinario.

O formulario deberao encher por completo e enviar a: lasencasas@hotmail.com. Se non se completasen todos os datos, poderíase dar a inscrición por non correcta.

DATOS A CUMPRIR

En primeiro lugar encherase a folla **CLUB** introducindo todos os datos requiridos.

A continuación, deberase encher unha **folla de equipo** por cada equipo inscrito.

Para comezar teremos que ir á folla **EQUIPO1**, nela introducir o número de equipo, que encontrará no listado **Nº EQUIPO-CLUB**, ao poñer este número de equipo. Aparecerán os datos que ten a FGTM no seu poder.

Posteriormente debe encher, modificar ou verificar todos os datos seguintes:

DATOS DE EQUIPOS

Nome Oficial: Nome Oficial do club.

Nome Comercial: É o que figurará no calendario de competición.

Nome Abreviado: Este utilizarase para cando haxa problemas de espazo en carteis, publicidade, etc.

Non poderá ter máis de 20 caracteres. En caso de ter máis a FGTM acurtará o seu criterio.

Domicilio, poboación, provincia e código postal: Dirección postal do equipo.
Teléfono: do equipo.

LOCAL DE XOGO

Nome: Será o nome da sede de xogo, pavillón, colexio, instituto, polideportivo, etc.

Domicilio, poboación, provincia e código postal: Dirección do local de xogo e posibles datos de interese.

Recordamos que as áreas mínimas, por campo de xogo, son de 9 metros de largo, 5 de ancho e 3 de alto.

En **observacións** poñer si se desexa celebrar algunha concentración, e o número de mesas que se poden montar no local, tendo en conta o sinalado no punto anterior.

RESPONSABLE

Nome: Será a persoa responsable dese equipo ante a FGTM, para os efectos de notificacións.

Teléfono Móbil: do responsable.

E mail: Será o medio oficial para o envío de notificacións ao equipo. É moi importante que este actualizado e se revise con frecuencia, xa que é o medio oficial para o envío de comunicacións.



Secretaría FGTM
Antonio Lasén Casas
C/ Luis Ksado 17 Local 20
36209 – Vigo (Pontevedra)
Móbil: 677343968
Web: www.fgtm.es
E-Mail: lasencasas@hotmail.com
CIF: V15149453



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



**DEPORTE
GALEGO**

Aviso importante: Os Clubs deben de ter en conta que a persoa que figure como responsable na ficha de inscrición será considerada para todos os efectos como representante do Club ante a FGTM, e que a dirección de correo electrónico será considerada para todos os efectos como dirección electrónica do Club, e moi especialmente para recibir calquera notificación.

MATERIAIS

Marca e cor pelota.

Marca, modelo e cor mesa.

Verifique que se encontran no listado de materiais homologados.

A normativa de pelotas queda igual que a tempada pasada.

O equipo que organice cada concentración decidirá e aportará a pelota a utilizar.

Enlace ITTF de pelotas autorizadas:

http://www.ittf.com/_front_page/ittf1.asp?category=balls

Enlace ITTF de Mesas autorizadas:

http://www.ittf.com/_front_page/ittf1.asp?category=tables

OBSERVACIÓNS

Indicar algún dato relevante, que non se encuentre no formulario.

PRAZOS DE INSCRICIÓN

Antes das 20:00 horas do **día 30 de novembro de 2015**.

DEREITOS DE INSCRICIÓN

Seguen nas mesmas contías, segundo se especifica a continuación:

DEREITOS DE AFILIACIÓN DE EQUIPOS NA LIGA				
LIGA	1 EQUIPO	2 EQUIPOS	3 EQUIPOS	4 EQUIPOS
2ª División Feminina	25 €	40 €	60 €	80 €

O pagamento debe facerse mediante transferencia bancaria á nosa conta en Banco Simeón, en Vilagarcía, C.C./0130/3007/70/0108038102, e por correo electrónico a lasencasas@hotmail.com o comprobante de tela efectuado.

Aviso Importante: Non serán admitidas as inscricións que non acheguen o xustificante do pagamento.

RETIRADAS OU RENUNCIAS

Un equipo que formalizase correctamente a súa inscrición, (formulario e pagamento da inscrición), se renuncia a participar, perderá o importe da inscrición.

A Illa de Arousa, 12 de novembro de 2015